

MASKS

Alas y Viento Collection. Nacho Rovira II



29 de xaneiro ao 26 de abril de 2026

Museo do Pobo Galego



San Domingos de Bonaval, Santiago de Compostela



Martes a sábado 11:00 a 18:00h.

Domingos e festivos 11:00 a 14:00h.

Luns pechado.



Entrada gratis.



Acceso adaptado.



Escanea el QR
catálogo de la exposición.

Linguaxe clara:

Este documento está en linguaxe clara.
A linguaxe clara usa palabras sinxelas
e frases curtas.
Así todas as persoas comprenden
mellor a información.

Edición:

Federación Autismo Galicia.

Coordinación y adaptación:

Aitana García Lage.

Texto en linguaxe clara segundo os contidos da exposición
“**Masks Alas y viento Collection. Nacho Rovira II**”.

Contidos:

- 1. Benvida á exposición.** _____ Páxina **3**
- 2. Que é esta exposición?** _____ Páxina **4**
- 3. Que son as máscaras?** _____ Páxina **7**
- 4. Visita á exposición.** _____ Páxina **8**
- 5. Percorrido polas máscaras da exposición.** _ Páxina **10**
- 6. Recordatorio e créditos.** _____ Páxina **16**

1. Benvida á exposición.

As máscaras encóntranse nas festas, na arte e en moitas celebracións da nosa sociedade de diferentes épocas e lugares.

Nesta **exposición do Museo do Pobo Galego** adicada ás máscaras conta con 66 delas .
Unha selección de **54 máscaras** pertencen á **colección "Alas y viento" de Nacho Rovira**.
Nacho Rovira é un viaxeiro e coleccionista de arte.

O **Museo do Pobo Galego** expón tamén **12 máscaras** da súa **colección propia**.
Dende a mostra visibilizamos a cultura da máscara, a través dos seus artesáns locais e das tradicións.

O percorrido por estas 66 máscaras, expón a cultura galega e a universal.
Tamén achega a todos os públicos as máscaras como unha costume ao redor do mundo.



Tafarrón.

Ubicación: Pozuelo de Tábara, España.

2. Que é esta exposición?

A exposición **Masks** é un proxecto de investigación e difusión da Universidade española de Valladolid. Valladolid é unha cidade en Castela e León.

Esta mostra de máscaras está no proxecto Europeo *“Descubriendo as artes e oficios detrás das máscaras”*. Este proxecto xunta o traballo dentro da investigación con espallar os coñecementos a todos os públicos.

A exposición organiza as máscaras e materiais en espazos temáticos. Así temos os grupos de:

2.1. Máscaras do carnaval popular:

usadas en festas de inverno e como disfrace no entroido.



Peliqueiro.

Ubicación: Castro de Laza en Ourense, España.

2.2. Máscaras de celebracións relixiosas:

usadas en Nadal ou Semana Santa para celebrar o relixioso e a festa.



Lucifer. Ubicación: Cervera en Lleida. España.

2.3. Máscaras do carnaval barroco:

as máscaras representaban no teatro a vida da Europa moderna dos séculos 17 e 18.

As máscaras barrocas usáronse entre o séculos 17 e 18 en toda Europa.

Barroco:

Tempo da historia en Europa, entre o século 17 e o século 18. A xente chamaba á atención. O común eran as festas e os carnavais con máscaras.



Jolly. Ubicación: Venecia, Italia.

2.4. Máscaras para enterramentos:

máscaras con relación a despedidas,
ao ciclo da vida e da morte.



Chipăruș.

Ubicación: Nereju, Vrancea. Rumanía .

2.5. Máscaras artísticas actuais:

amosan as tradicións vivas de hoxe en día.



Ola.

Ubicación: Barcelona, España.

3. Que son as máscaras?

As máscaras son obxectos feitos de xeito artesán.

O artesán é o feito a mán.

As persoas visten as máscaras na cabeza para ocultar ou cambiar o seu aspecto.

As máscaras son elementos vistosos.

Poñer as máscaras axuda a participar da festa ou da celebración dentro da tradición propia.

As máscaras son parte das festas e tradicións dos contextos históricos, sociais e culturais dos pobos.

As máscaras son un símbolos de tradición e participación nos ritos, festexos e arte en moitas sociedades.

O estudo das máscaras ensina á máscara como un obxecto común a moitas culturas. Así, coas máscaras podemos contar historias, expresar crenzas e xuntar as persoas no tempo.



Follateiro.

Ubicación: Lobios en Ourense, Galicia.

4. Visita á exposición.

A exposición MASKS ten todo máscaras artesanais. As máscaras empregábanse para rituais antigos ou para grandes desfiles de celebracións para todos os públicos.

Estas máscaras existen hoxe en día xunto a tecnoloxía, os medios de comunicación e a cultura popular da poboación.

Esta exposición ten moitas máscaras de diferentes países e artesáns creadores. Nesta exposición hai 54 máscaras da colección *Alas y Viento* e 12 da colección do Museo do Pobo Galego. O percorrido pola exposición ten máscaras de moitos países e culturas.

Por exemplo, hai máscaras:

- de Romanía,
- de Italia,
- de Portugal,
- de Andorra
- e de España.



Anteface veneciano. Venecia, Italia.

Estas máscaras son de rituais,
festas e interpretacións artísticas.
Así, as máscaras, resaltan o valor
entre a tradición, comunidade e actualidade.



Plen. Ubicación: Berga, España.

Esta exposición presenta un espazo de encontro
e para o diálogo entre persoas e comunidades.
As máscaras na nosa cultura e sociedade,
representan o mal e o ben da vida.
Como loitas entre forzas opostas.



Carocho Constantim. Ubicación: Terra do Bragança, Portugal.

O proxecto MASKS mostra a cultura e a arte
dos países da exposición por medio das máscaras.
Espalla tamén a cultura e a tradición do entroido galego,
polas máscaras rexionais da mostra.

Con a exposición MASKS enseñamos
nuestra cultura y arte populares.

5. Percorrido polas máscaras na exposición.

Do 29 de xaneiro ata o 26 de abril do 2026, está a exposición **MASKS. Alas y viento. Nacho Rovira II no Museo do Pobo Galego** en Santiago de Compostela.

A exposición ten a entrada gratuíta e é para todos os públicos.

Imaxe actual da exposición MASKS no Museo do Pobo Galego.



Esta mostra de 66 máscaras en total, amosa ao público o valor das máscaras na cultura, no artístico ou nas festas con pezas únicas feitas a man.

As máscaras están organizadas por temas na sala do museo. Atopamos 7 seccións diferentes.

Agora veremos cada sección coas súas máscaras:

Imaxe actual da exposición MASKS no Museo do Pobo Galego.



5.1. Máscaras de entroido.



L'ultima ossa d'Ordino.
(Autor: Arnau Codina);



**Zangarrón de Sanzoles
e Tafarrón de Pozuelo de Tábara.**
(Autor: José Javier Sánchez);



Máscaro de Ousilhão.
(Autor: António Tiza);



Sărsăilă.
(Autor: Paul Buță);



Chocalheiro.
(Autor: Carlos Ferreira);



Zangarrón de Montamarta.
(Autor: José Ramón Pérez Pérez);



Carocho de Constantim.
(Autor: Óscar Barros);



Boe y Merdule.
(Autor: Michele Vedele);



Jarramplas.
(Autor: Ernesto Antonio Salgado);



Lole.
(Autor: Uwe Constantin);



Careta de Bonxe.
(Autor: Manuel López);



Careta de Bonxe.
(Autor: descoñecido);



Botarga.
(Autor: Ermenegildo Gil);



Peliqueiro.
(Autor: Francisco Añel,
"El sastre de Castro");



Peliqueiro. (Autor: Richi);



Peliqueiro.
(Autor: descoñecido);



Pantalla. (Autor: Santiago Martínez Santana);



Pantalla.
(Autor: Xosé Vilariño);



Pantalla. (Autor: Juan);



Boteiro. (Autor: Jorge Domínguez Couso, "Minas");



Follateiro.
(Autora: Marta Delgado Gómez);



Volante.
(Autor: Xosé Manuel Seixas);



Coroza.
(Autora: Viúva de Bugallo);



Caretos de Podence.
(Autores: Luís Felipe Costa e Sofía Isabel Fernandes);



Diabo de Lazarim.
(Autor: Adão Almeida);



Caretas.
(Autor: Carlos Andrés Santos);



Cucurumacho.
(Autores: Pablo de la Fuente y Jacinto Martín);



Cornuto e Capra.
(Autor: Guiseppe Lombardi);



Maestro di Campo.
(Autor: Domenico Dino Pinnola);



Cuci e Cucoalice.
Autor: Constantin Anghel).

5.2. Máscaras do carnaval barroco e da commedia dell'Arte.



Volto con anteface e toucado de plumas.
(Autora: Adriana Mariti);



Medusa.
(Autora: Paola Paties);



Bauta. (Autor: Descoñecido)



Día e noite.
(Autor: Descoñecido);



Anteface veneciano.
(Autor: Taller Karta Ruga);



Cat. (Autor: Agostino Dessi, Alice's Masks Studio);



Jolly.
(Autor: Flavio Gervasutti);



Pierrot. (Autor: Descoñecido);

5.3. Máscaras para as representacións de Nadal e Pascua.



Dimoni. (Autor: Taller Ventura & Hosta Studio);



Lucifer. (Autor: Xavi Badia, La Gárgola);



La Mort. (Autor: Escola d'Art d'Olot).

5.4. Máscaras do Corpus Christi.



Plen. (Autor: Descoñecido);



O Colacho. (Autor: Jorge Sancho Santamaría);

Corpus Christi

Festa católica.
Procesións e adornos
florais acompañan
estes festexos.



Capròs.
(Autores: Ramón Aumedes i Ferré; Taller Sarandaca);



Pecado Mayor, Pecado e Danzante.
(Autores: José María Naranjo Romeu, mascareiro; e María del Carmen Almansa Almansa, modista).

5.5. Morisqueiras.



Bugio. (Autor: Manuel António da Silva Pinto Suzano, "Palheira").

5.6. Veneración dos mortos. Máscaras fúnebres.



Canhoto. (Diabo) de Cidões
(Autor: Amável Alves Antão);



Chipăruș. (Autor: ȘerbanTerțiu).

5.7. Máscaras para teatro, actuacións e actuais.



Giullare Collare.
(Autor: Atelier Russo);



Ola. (Autor: Peter Mitdiel);



Triangle Collage.
(Autor: Taller Arlequín).

MASKS



Museo do Pobo Galego




Recorda:



A entrada é **gratis**.



Acceso adaptado á exposición.



Aberto



Do **29 de xaneiro** ata o **26 de abril** de 2026.



Os **horarios** son:

- ✓ • de **martes a sábado**
de **11 da mañá a 6 da tarde**.
- ✓ • **domingos e festivos**
de **11 da maña a 2 da tarde**.
- ✗ • **luns pechado**.

ALAS Y VIENTO Collection. Nacho Rovira II

MASKS

Organiza e expón

Cátedra de Estudos sobre la Tradición (Uva)
Alas y Viento. Sección Máscaras del Mundo
Museo do Pobo Galego

Comisaria

M^a Pilar Panero García

Coordinación

David Conde Lourido
Ana Estévez Lavandeira
Belén Sáenz-Chas Díaz

Asesoría en accesibilidade

Federación Autismo Galicia

Montaxe

Equipo Técnico Museo do Pobo Galego
Alas y Viento. Sección Máscaras del Mundo

Rotulación

Juan Feáns

Transporte

expo.gal



Escanea o QR
catálogo da exposición.

Museo do Pobo Galego

29 de xaneiro ao 26 de abril de 2026

Organizan:



Universidad de Valladolid

Cátedra de
Estudios sobre la Tradición



Museo do Pobo Galego



GIR IDINTAR
IDENTIDAD E
INTERCAMBIOS
ARTÍSTICOS

Colaboran:

